

ABAU 2021
CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA
CRITERIOS DE AVALIACIÓN
ECONOMÍA DA EMPRESA
(Cód. 31)

Reunida a comisión de avaliación da materia Economía da Empresa o día 16 de xullo de 2021 ás 11:00 horas, acordou aplicar, ademais dos criterios xerais de avaliación publicados polo grupo de traballo da materia e que aparecen recollidos na páxina web da CIUG, os seguintes criterios de corrección específicos:

Nos apartados das preguntas curtas (cunha puntuación máxima de 1,25 pts. cada apartado), nos casos nos que non se ofrezan definicións exactas e precisas dos conceptos, valoraranse positivamente os exemplos, aclaracións ou explicacións relativas a aqueles.

No relativo aos casos prácticos, na valoración de cada un dos apartados nos que se pida efectuar un cálculo, terase en conta non só o resultado numérico concreto, senón tamén a corrección (coherencia) no plantexamento. Ademais, cada un dos apartados valorarase independentemente, de tal xeito que se está ben plantexado, a puntuación do apartado en cuestión non se verá influída negativamente por cálculos incorrectos que se arrastren de apartados anteriores.

No desglose da puntuación máxima que se pode acadar en cada unha das preguntas teranse en conta as consideracións e aplicaranse os criterios específicos que se resumen a continuación:

PREGUNTA 1

- 1.1.- Identificar o IRPF como imposto directo ou indirecto: 0,25 pts. Razoar a resposta: 0,5 pts. Indicar a base imponible: 0,50 pts.
- 1.2.- Explicar en que consiste a mercadotecnia-mix: 0,75 pts. Sinalar cal é o seu obxectivo: 0,50 pts.
- 1.3.- Se distingue os dous tipos de investimento: 0,75 pts. Se só se define correctamente un dos conceptos: 0,5 pts. Exemplo: 0,5 pts.
- 1.4.- Definición da organización formal da empresa: 0,75 pts. Diferenza coa organización informal: 0,5 pts.

PREGUNTA 2

- 2.1.- Explicación do concepto de sociedade cooperativa: 0,75 pts. Sinalar o tipo de responsabilidade dos cooperativistas: 0,5 pts.
- 2.2.- Explicación do concepto de factoring: 0,5 pts. Explicación do concepto de leasing: 0,5 pts. Sinalar se son fontes de financiamento a curto ou a longo prazo: 0,25 pts.
- 2.3.- Explicación do concepto de crecemento interno da empresa: 0,75 pts. Exemplo: 0,5 pts.
- 2.4.- Se só se identifican as dúas funcións básicas: 0,75 pts. Por cada función ben identificada e descrita: 0,75 pts (cualificación máxima 1,25 pts.).

PREGUNTA 3

- 3.1.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,75 pts.
- 3.2.- Pola explicación da dúas desvantaxes: 0,75 pts. Pola explicación dunha soa desvantaxe: 0,5 pts. Pola explicación da vantaxe: 0,5 pts.
- 3.3.- Se a resposta é aproximada pero non é de todo precisa: 0,75 pts.
- 3.4.- Se só se define correctamente un dos conceptos: 0,75 pts.

PREGUNTA 4

- a.- Cálculo dos custos fixos: 0,5 pts. Cálculo dos custos variables medios: 0,5 pts.
- b.- Cálculo dos custos totais medios: 0,5 pts. Cálculo dos custos marxinais: 0,5 pts.
- c.- Representación gráfica: 0,25 pts. Comentario: 0,25 pts.

PREGUNTA 5

- a.- Polo cálculo correcto do prazo de recuperación de cada proxecto: 0,5 pts. (Este apartado non admite cualificacións intermedias no cálculo de cada proxecto)
- b.- Plantexamento correcto de cada expresión que permite calcular o VAN tendo en conta os datos do exercicio: 0,25 pts. Cálculo correcto do valor do VAN de cada proxecto: 0,25 pts.
- c.- Identificación do proxecto preferible: 0,25 pts. Razoamento correcto e coherente cos resultados obtidos: 0,25 pts.

PREGUNTA 6

- a.- Elaboración e clasificación do balance distinguindo Activo Non corrente, Activo Corrente, Pasivo corrente, Pasivo non corrente e Fondos Propios: 1 pto. Cada un dos elementos que se sitúe incorrectamente no activo ou no pasivo penalízase con -0,5 pts. Se se ubica erroneamente no activo (pasivo) corrente ou pasivo (activo) non corrente penalízase con -0,25 pts.
- b.- Cálculo correcto do fondo de manobra por dos formas distintas: 1 pto. Se só o calcula por unha: 0,5 pts.
- c.- Comentario razoado e coherente cos resultados do balance: 0,5 pts.